

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO DE LUGO

Acta número 1, de 18 de novembro de 2010

No día da data, e coa presidencia do Sr. Director, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Profª Pilar Fernández Fernández
Dona Carmen Mira

Prof. Uxío Otero Urtaza
D. Xosé Luis Cruz

Relación de asistentes

Díaz Rodríguez, Mª Del Carmen
Fernández, Isabel
Garrido Filgueira, Uxía
González Fernández, Rufino
López Rúa, Paula
Navarro Paton, Rubén
Rodríguez Lestegas, Francisco
Rodríguez Neira, Modesto Anibal
Sarceda Gorgoso, Carmen
Viña Rouco, Mª Del Mar

DÍA: **18, Novembro** de 2010

HORA: 12

LUGAR: **Sala de Xuntas**

ORDE DO DÍA:

1. Informe do presidente
2. Sistema de seguimento e control da asistencia a clase
3. Seguimento da implantación do Sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da EUFP
4. Rogos e preguntas

1. Informe do Presidente

O presidente da comisión fai mención ás funcións da CCC:

-Participar nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro actuando como medio de difusión do sistema e de seus logros.

-Realizar o deseño do seguimento da implantación do SGIC
-Elaborar a memoria de calidade do centro que englobará distintos informes e memorias:

- Informe de resultados do sistema, que inclúa a proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora
- Memoria dos títulos que inclúa as propostas de mellora

Iso farase en setembro para incluír tódalas incidencias

O Vicerreitorado de Calidade concedeu a este centro toda a asignación (19.000 euros) para calidade por ser un dos mellores centros en canto á puntuación obtida en calidade. Nesta axuda hai unha partida destinada a potenciar os intercambios de estudantes. Este é un apartado que hai que mellorar xa que tanto o número de alumnos que marchan como os que recibimos é pequeno. Sería interesante que os alumnos/as que estiveron no estranxeiro contaran a súa experiencia aos demais para animalos a viaxar. Outra medida é que o centro destine unha axuda aos estudantes que desexen gozar dunha estadía Erasmus. Neste curso temos un alumno na Universidade de Joensuu en Finlandia, país que é un referente en educación e polo tanto deberíamos fomentar tamén o intercambio de PDI.

Outro tema a informar é o da exención de docencia nos graos. Se concederá dita exención en casos moi excepcionais: enfermidade e atención a persoas dependentes. Nas diplomaturas tamén se concedía por motivos laborais pero o problema era que a cifra de dispensas por este concepto era moi elevada. Os demais centros deste campus non conceden a dispensa por este apartado a menos que sexa algo excepcional. Aplican o artigo 126.3 estritamente. Neste curso acordouse en Xunta de Centro do día 18 de outubro non conceder a exención por motivos laborais. Isto xerou malestar nos alumnos que solicitaron a dispensa porque recibiron información contraditoria, aínda que válida nese momento. Agora non poden modificar a súa matrícula ou anulala e recuperar os cartos. Acábase de facer unha consulta á Secretaría Xeral para comprobar a legalidade de aplicar un criterio con posterioridade e estase a espera da resposta.

Por último, na aplicación do SGIC que afecta a tódolos centros non se debería prestar a mesma atención ás diplomaturas que están en fase de extinción que aos graos que son o futuro. O presidente da

Comisión reitera o seu agradecemento aos membros da CCC por facerse cargo das coordinacións e por pertencer á mesma.

O Prof. Rufino González sinala que non todas as situacións laborais son iguais. Tamén debe debaterse si esa exención é sobre toda a docencia o sobre as clases expositivas ou interactivas. Sobre isto tamén agárdase resposta da Secretaría Xeral.

2. Sistema de seguimento e control da clase.

Segundo a normativa que aprobou o Consello de Goberno o 25 de marzo de 2010 os centros en relación aos graos e os másters deberán acordar o sistema para o seguimento da asistencia ás actividades programadas conforme á programación académica acordada. Mentres non exista un acordo xeral o docente encargado da materia ou coordinador/a no seu caso indicará o sistema de control de asistencia sempre que quede constancia documental do resultado. Isto hai que facelo. As coordinadoras de curso dos graos adoptaron provisionalmente un sistema pero é a comisión de calidade a que ten que facer unha proposta.

Toma a palabra a coordinadora de 1º de Primaria, a Profa. Carmen Díaz. Sinala que decidiuse que dito control íase a facer nas clases interactivas sen excluír a posibilidade de quen quixera facer o control nas clases expositiva o fíxese. Con todo, non hai un modelo estandarizado, un estadiño adoptado por todos e para poder archivar. Se un alumno non acredita o 80% de asistencia non se pode avaliar. Isto non pode quedar á discrecionalidad de cada quen. Pódese flexibilizar dentro de uns marxes. Todo o bo ou o malo que se faga neste primeiro ano nos graos vai ser fundamental de cara ó futuro. Hai incertezas con respecto a moitas cousas, como por exemplo, se vai a haber clases ou non durante os exames.

O Prof. Rufino González cre que pode haber motivos para dicir que non xa que para o 11 de xaneiro se cumpren as 16 semanas de clase e non se poden impartir mais horas das que figuran no POD. O problema é que nos graos non hai un documento oficial onde se diga que se suspenden as clases. Sería interesante saber qué fixeron outros centros que impartiron o grao o curso pasado. A resposta que deu telefonicamente o Vicerreitorado de grao e posgrao foi que o calendario académico recollía que durante o período de exames debería haber clase. Con todo, a Vicerreitoría reuniuse coa Secretaría xeral para tratar este tema.

Os únicos documentos oficiais para o cálculo das horas son: o plan de estudos, as fichas das materias, os PDA's y os POD's. A Profa. Carmen Díaz di que hai que ter en conta que os exames están considerados como actividades lectivas. Pide que se elaboren uns estadillos oficiais para que o profesorado tome nota das asistencias dos alumnos.

O Presidente da comisión sinala que no último Consello de Goberno unha das medidas que se aprobou para potenciar a sustentabilidade en Galicia é evitar o uso de papel e substituírlo por procedementos informáticos.

Hai acordo en que o control se faga nas clases interactivas xa que é mais doado. Tamén pódese facer de tanto en tanto nas expositivas. Tense así un control real do 50% das clases. O final do cuadrimestre cada profesor/a emitirá un informe sobre cada grupo que quedará gardado durante o tempo preceptivo.

O Presidente da comisión le a normativa aprobada polo Consello de goberno en relación coa asistencia a clase que di que cada profesor ou coordinador deberá conservar os estadillos de asistencia ata acabar o curso. Unha vez rematado o curso deberá entregalos no centro e o centro arquivará as follas cos resultados da asistencia a clase durante dous cursos académicos. O Vicerreitorado vai facer o control electrónicamente. O importante é que haxa un sistema común para todos. Deberá haber unha certa flexibilidade con certos casos. Para estes casos debería haber una reunión para acordar as medidas a tomar.

O Prof. Lestegás considera que debería elaborarse un modelo para o informe final de asistencia pero que a diario cada profesor/a utilice o sistema que crea más conveniente para facer o seguimento da asistencia.

O Prof. Rufino González ofrécese a elaborar un modelo de informe que pasará a esta comisión para facer as suxestións pertinentes e presentala como a proposta da CCC que terá que ser aprobada pola Xunta de Centro. Este informe será presentado polos profesores ao remate do curso en el se fará constar a asistencia, as causas da falta de asistencia e as medidas de mellora que considere oportunas. O informe será depositado na secretaría do centro. Ademais a CCC deberá concretar tamén as causas da falta de asistencia e propor as medidas correctoras de dita situación. Conforme se reciban os informes ao final deste cuadrimestre irase mellorando.

3. Seguimento da implantación do SGIC.

Neste punto hai que ir pensando nos indicadores, como por exemplo a asistencia a clase, que débese incluír neste primeiro ano da implantación dos graos. Hai indicadores no SGIC que competen ao centro e outros á Universidade. Nos que competen ao centro é importante que se pense cales incluír. Sería importante incluír unha enquisa de satisfacción do alumnado a nivel interno que aporte información cualitativa sobre os aspectos a mellorar. A medida que os graos avancen e tendo en conta que dentro de catro anos o centro debe pasar unha avaliación externa terase que ir intensificando o seguimento do sistema. Os informes anuais da CCC serán tidos en conta polo comité externo de avaliación. Isto é un cambio substancial con respecto ao que se viña facendo xa que no futuro estes comités de avaliación serán moi rigorosos. Agora mesmo non podemos abarcar tódolos indicadores de calidade pero temos que ir incluíndo pouco a pouco o máis salientables.

A Profa. Carmen Díaz cre que é conveniente dar aos alumnos unha información moi coidada e filtrada para evitar conflitos. De momento, non hai grandes problemas, tampouco hai solapamento nas materias e a organización e boa.

Tendo en conta todo o dito especialmente o tema da avaliación externa, o Prof. Lestegás cre que vamos a ter que falar cos nosos colegas de forma clara e directa. Hai que vixiar a coordinación dos programas de forma moi escrupulosa e polo tanto se hai dous o máis programas que se solapan hai que falar coas persoas implicadas para que corrixan ese problema de forma inmediata. Outra cuestión moi importante que inflúe na calidade e o número de suspensos. Se hai 100 alumnos matriculados nunha materia non poden suspender os 100. Se iso ocorre o Prof/a terá que xustificalo diante desta comisión xa que isto será valorado no índice dos resultados. Haberá que tomar medidas para que determinadas materias non bloqueen ós alumnos. Isto agora vai ter repercusións colectivas para toda a titulación.

O Prof. Rufino González cre que isto podería ter solución cando se trate na Xunta de avaliación. Outro problema que se pode presentar é si un alumno que falta a clase se presenta ao exame e obtén a nota máxima pode aprobar a materia cun 5 se o exame representa o 50% da nota. Non se lle pode dicir que non ten dereito ao exame. O documento aprobado en Xunta de Goberno do 25 de marzo di que a falta de asistencia non pode puntuar negativamente no exame, pero si se poderá ter en conta na

cualificación final, e dicir que o alumno ten dereito a examinarse. Polo tanto hai que ter o sistema de avaliación moi detallado no programa e na guía.

O Presidente da CCC sinala que queda pendente para a próxima reunión qué indicadores imos a utilizar neste curso.

4. Rogos e preguntas.

Con respecto ao tema de dispensa de asistencia a clase o Prof. Rufino González volve a reiterar como xa o fixera na Xunta de Centro que habería que ter en conta os motivos laborais dos que traballan na ensinanza.

O Prof. Lestegás sinala que o problema de dispensas masivas que sofre este centro e debido a idea que se ten de que e moi doado acadar este título. Xa que isto non pasanin en Veterinaria nin en as enxeñarías, e non deixa de ser un descrédito para o centro polo que hai que acabar con esta situación.

E non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 14.10 h.

A secretaria



Mª Mar Viña Rouco